

## Píxide de Ouvigo

02011201

### Datos de Localización

Copón

<b>Inmoble:</b>	Xacemento Capela de San Verísimo
<b>Localización:</b>	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, Sala San Francisco/vitrina
<b>Coord. UTM</b>	<b>X:</b> 603339 <b>Y:</b> 4651163
<b>Concello:</b>	Os Blancos
<b>Parroquia:</b>	BLANCOS, Os
<b>Lugar:</b>	Ouvigo
<b>Tipoloxía:</b>	Mobiliario Litúrxico
<b>Tipo:</b>	Copóns
<b>Subtipo:</b>	<b>Copón</b>
<b>Denominación:</b>	<b>Píxide de Ouvigo</b>



### Características

**Etapa Histórica** Baixa Idade Media

**Estilo:**

**Descrición:**

Trátase dun coponciño ou píxide realizada en cobre dourado e decorada con esmalte escavado ou champlevé en pasta opaca de cor azul e branca. A caixiña ten forma cilíndrica na súa parte inferior e unha tapadeira cónica que se supón noutroira rematada por unha cruz, que hoxe lle falta. A tapadeira xúnguese ao corpo por un gonzo e o peche realízase por medio dun pasador que encaixa en dous tocóns furados. O seu esquema decorativo estrutúrase en catro medallóns, dispostos dous a dous no corpo inferior e outros dous na tapadeira. Cada un deles presenta no seu interior o anagrama IHS, cunha pequena cruz de brazos iguais e un signo parecido a un omega.

A súa tipoloxía é moi común, como o demostran a gran cantidade de pezas que se conservan en distintos museos, ata no Concilio Vaticano II, e en non poucas igrexias rurais. As súas características formais e iconográficas coinciden cos programas e repertorios utilizados polos talleres de Limoges nun momento avanzado do seu período industrial. Os múltiples obxectos, de calidade desigual, realizados por estes talleres comercialízanse por todo o occidente europeo, principalmente polo transitado Camiño de Santiago.

As píxides son pequenas caixas destinadas a reservar e guardar a Eucaristía ou para levar a comunión aos enfermos ou moribundos. O seu interior solía estar revestido dun pequeno corporal de liño que separaba as hostias, ao mesmo tempo cas protexía do contacto co metal.

**Datación:** Finais século XIII

**Autoría:**

**Materiais:** Cobre

**Carac. Técnicas:** Cobre sobredourado con esmaltes champlevé

**Alto:** 7 cm.

Ancho: 6 cm.

Profundo: 0 cm.

Diámetro: 0 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos:

Perda Policromía

Perda Material:

**Observacións:** Segundo o artigo 60 da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, este moble está sometido ó réxime establecido para os Bens de Interese Cultural.

**Bibliografía:** VEIGA ROMERO, A: "Píxide de Ouvigo". Peza do mes, Museo Arqueolóxico, Ourense, Setembro 2003.  
V.V.A.A: *Escolma de escultura*. Consellería de Cultura e Deporte. Xunta de Galicia. 2008.

**Documentación:**





